



PREGUNTA ORAL SOBRE AS MODIFICACIÓNNS NO PREGO TÉCNICO PARA A LICITACIÓN DA PISTA DE XEO NA ALAMEDA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


No prego que regula as condicións da licitación para a autorización da ocupación temporal do dominio público con pista de patinaxe sobre xeo no Paseo Central da Alameda para o Nadal dos anos 2017-2018 e 2018-2019, entre as prescricións técnicas sinálase que a pista "terá forma rectangular ou cadrada, cunha dimensión orientativa de entre 400 e 500 metros cadrados".

Chama a atención esta condición, que coincide coa segunda convocatoria realizada no pasado ano, mentres diverxe coas condicións establecidas polo menos nos catro anos anteriores –incluída a inicial de 2016– que sinalaba a obriga de que a pista debería ter como mínimo unha dimensión de 500 metros cadrados, sendo preferentemente rectangular de 12,5 metros de ancho por 40 de largo.

Á vista desta limitación que se permite no prego actual formulase a seguinte pregunta:

Cales son os motivos que xustifican a posibilidade dunha menor dimensión para a pista de xeo na Alameda en relación con anos anteriores e por que non se ten en conta, entre nos criterios de adxudicación, unha maior lonxitude?.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017



Maria Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Popular